

Dez especialistas reconstrúen os noventa anos nos que Conxo foi municipio independente

Nun volume coeditado por Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago, dez historiadores e historiadoras, coordinados por Rafael García Ferreira, levan a cabo unha reconstrución honesta e documentada dos anos nos que o histórico barrio de Conxo foi municipio independente de Santiago, entre 1835 e 1925. Este volume publícase precisamente cen anos despois da súa incorporación ao concello de Santiago de Compostela.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO, 2025.- *Historia do antigo concello de Conxo* é o título desta nova obra colectiva, coordinada polo historiador **Rafael García Ferreira** e coeditada polo Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora que sae á venda coincidindo cos cen anos da anexión de Conxo a Santiago de Compostela.

O histórico barrio de Conxo, ao sur da cidade, foi concello independente durante case un século, entre 1835 e 1925. Da súa **estación de ferrocarril** partiu a primeira liña de tren de Galicia e nel naceu a fundadora da literatura galega moderna, **Rosalía de Castro**. Conxo protagonizaría loitas imprescindibles para entender hoxe a mellora das condicións de vida da clase traballadora, dende o **Banquete democrático de 1856** ata os **movementos obreiros de 1898**, pasando pola creación e mantemento da súa **Sociedade Benéfica**.

Ademais, o Conxo histórico das oito parroquias mantén un valiosísimo patrimonio, con tesouros únicos: a memoria milenaria do seu **petróglifo e castro**, o románico do seu antigo **mosteiro**, o barroco da actual **igrexia** parroquial, ou a fortaleza da **Rocha**, símbolo das loitas dos



Páxinas: 206. Formato 15,5 x 23 cms.
ISBN 978-84-18567-83-4 PVP: 19,90 €

irmandiños contra os señores feudais.

De todo isto, e tamén da vida cotiá no concello, do seu **asociacionismo**, e do **papel das mulleres**, trata este valioso volume.

NOVOS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

Participan dez especialistas con novos traballos de investigación, historiadores e historiadoras que levan a cabo unha **reconstrución honesta e documentada** dos noventa anos nos que Conxo foi independente. O obxectivo, como afirma o seu coordinador, **Rafael García Ferreira**, é transmitir os feitos con fidelidade e lectura crítica do pasado. A obra inclúe a publicación de 50 fotografías e documentación histórica, unha parte dela moi descoñecida.

Autoría

FRANCISCO ALONSO TOUCIDO, CONCHI LÓPEZ SÁNCHEZ, ALFONSO IGLESIAS AMORÍN, NOELIA VALIÑO VÁZQUEZ, ANA PÉREZ VARELA, ENCARNAL OTERO CEPEDA, MIGUEL CABO VILLAVERDE, DANIEL LANERO TÁBOAS, ANTONIO MÍGUEZ MACHO E RAFAEL GARCÍA FERREIRA (ED.)

Contacto con Rafael García Ferreira:
garciaferreira.rafael@gmail.com

